

**Follas do Cineclube | 24/10/2018**

*O Son ao Redor*

(O Som ao Redor, Kleber Mendonça Filho, Brasil, 2012, 131', VOSG)

04

**[Tirado de Teixeira Neto, Wanderley de Mattos “Kleber Mendonça Filho, O Som ao Redor e a construção de uma ideia sobre o cinema pernambucano”, Aniki. Revista Portuguesa da Imagem em Movimento 5 (2), 2018, pp. 419-436]**

O momento en que *O son ao redor* chega ao escenario cinematográfico brasileiro está marcado por peculiaridades que definiron o seu proceso de afirmación social como expresión fílmica relevante. A longametraxe do director pernambucano Kleber Mendonça Filho estreábase en medio dun proceso de saturación do *favela movie* e da súa temática sobre violencia urbana que axudou a popularizar a cinematografía brasileira nos primeiros anos do século XXI. [...] A partir dos anos 2000, esta pasou a ser a temática central dalgúnhas producións de gran aceptación popular e da crítica, como [Cidade de Deus (Fernando Meirelles, 2002),] *Carandiru* (Hector Babenco, 2003) e *Tropa de Elite* (José Padilha, 2007), filmes que impulsaron a realización de subprodutos como series ou miniseries televisivas, e secuelas de cinema. Segundo Franchiesco Ballerini, os directores da época entenderon que a triade de ouro (boa repercusión do filme entre a crítica, público e festivais) estaba cuberta por ese tipo de temática, que pasou a representar o filme-evento no Brasil Post-Retomada.

A actuación da Globo Filmes, división do grupo empresarial Globo, no escenario cinematográfico nacional é outro factor destacado. A empresa investiu na carreira cinematográfica dalgúns directores da TV Globo, que posuían como filosofía ou política de traballo o estreitamento do cinema coa teledramaturxia. Entre eles, están Jayme Monjardim (*Olga*, 2004), Guel Arraes (*O Auto da Compadecida*, 2000) e Jorge Fernando (*Sexo, Amor e Traição*, 2004).

[...]

A contramán desas producións, estaban títulos que eran exhibidos en festivais ou circuitos de arte e que ficaban restrinxidos a espectadores específicos, ocasionalmente gañando espazos máis amplos nas grandes redes de cinema en función da súa repercusión, como foi o caso de *O son ao redor*. Este grupo de filmes e directores compuxo o que comezou a ser chamado como ‘cinema independente brasileiro’, algo incongruente para a realidade da produción cinematográfica do país, mais que podemos entender como un grupo formado por producións autorais non sustentadas polo aparato de ‘xigantes’ do sector como a Globo Filmes.

Así, algúns títulos brasileiros buscaban modelos alternativos de produción e linguaxe, propostos por directores diversos como Sérgio Bianchi (*Quanto vale ou é por quilo?*, 2005), Domingos de Oliveira (*Separações*, 2002), Carlos Reichenbach (*Garotas do ABC*, 2003) ou Luís Fernando Carvalho (*Lavoura Arcaica*, 2001), entoutros. Ese *cinema independente brasileiro*, delineado por Pedro Butcher, posuía ramificacións, entre elas aquela representada polos filmes pernambucanos de directores como Cláudio Assis (*Amarelo Manga*, 2003) e Lírio Ferreira (*Árido Movie*, 2005). Conforme destaca Daniel Caetano, eses realizadores axudaron a dispersar as narrativas cinematográficas alén do eixe Río - São Paulo, a través do soporte dunha empeñada lexislación rexional e da repercusión dos seus traballos en festivais de cinema.

O que é salientábel nas accións dos cineastas dese ‘cinema independente (da Globo Filmes) brasileiro’ é que algúns deles, mesmo estando á marxe dos procesos de divulgación do grupo Globo, conseguiron adecuarse e lexitimarse como axentes importantes do sector nos esquemas de divulgación mediática. Iso aconteceu porque eses realizadores construíron unha axenda a través das imaxes que formaban en torno a si e posuían unha representatividade cultural con obras ousadas e creativas que chamaron a atención dos medios de comunicación e da crítica.

Dentro deste grupo de cineastas, o subgrupo formado polos directores pernambucanos encabezados por Kleber Mendonça Filho [...] está moi ligado, segundo explica Ângela Prysthon, ao activismo urbano, posuíndo como trazo común, en distintos formatos e xéneros, temáticas, estratexias narrativas e escollas estilísticas, a crítica social que fai ao uso predatorio do espazo urbano polo capitalismo e ás relacións de clase marcadas polo prexuízo. [...] Smail Xavier describe os trazos dos filmes desa xeración pernambucana a partir de *O son ao redor*, [do que salienta a acumulación de tempos históricos que se xustapoñen e conviven de forma singular: o pasado no presente, o campo na cidade]:

Nel, o paradigma patriarcal e as cuestións de clase non se articulan como relación entre o moderno e unha memoria aí contida do pasado, mais como presenza do pasado no presente, como presenza hoxe de formas de poder e de relacións de clase arcaicas.

---

**[Tirado de Prysthon, Ângela Freire, “Paisagens em des- aparição. Cinema em Pernambuco e a relação com o espaço”, Revista da Associação Nacional dos Programas de Pós-Graduação em Comunicação E-compós 20 (1), 2017, pp. 1-17]**

O realizador de maior expresión a integrar o grupo dos novos cineastas pernambucanos, malia que sexa significativamente máis vello que a maioría deles, é, sen dúbida, Kleber Mendonça Filho, director do filme máis célebre do cinema pernambucano antes da explosión de *Aquarius* (2016), *O son ao redor* (2012). [...]

# O SON AO REDOR

**KLEBER MENDONÇA FILHO**

[Este traballo] céntrase nun grupo de residentes no distrito de Setúbal, un enclave de edificios de clase media no Recife. O filme comeza con fotos antigas das paisaxes das plantacións de cana de azucre en Pernambuco, a xeito case dunha epigrafe cinematográfica inspirada en *Casa Grande e Senzala*, todo iso ao son-canción 'Cadavres en Serie', de Serge Gainsbourg, que define de saída un ton pedagóxico, atravesado polo humor, os detalles banais e a observación social. O elenco está composto, na súa maioría, por actores non profesionais; sendo as excepcións máis notábeis o patriarca propietario Francisco, interpretado por W. Solha; a ama de casa Bia, interpretada por Maeve Jenkins; e Clodoaldo, o garda de seguridade encarnado por Irandhir Santos. Ningún deles, no entanto, é realmente famoso, nin forma parte do universo das celebridades locais (ao contrario do que os filmes da xeración anterior cos músicos *manguebeat*, por exemplo), cousa que trae unha maior proximidade coa realidade, coa vida cotiá do Brasil urbano ordinario.

Con todo, a maior diferenza en relación aos filmes rexionalistas das décadas de 1990 e 2000 é que *O son ao redor* non recorre ás imaxes habituais do Recife (fotos aéreas das súas pontes, escenas nas súas rúas máis antigas no centro da cidade coas igrexas coloniais coloradas, edificios abandonados ou mercados animados e exóticos, como a cidade que vemos retratada en *Baile Perfumado*, *Amarelo Manga* ou *Árido Movie*). *O son ao redor* opta por planos dos rañaceos monótonos preto da praia da Boa Viagem –como para probar o comentario de Mendonça de que a má arquitectura é moi fotoxénica– e interiores anódinos de clase media. A banalidade da crónica de rúa e os personaxes de varios segmentos sociais distintos forman a base da visión crítica de *O son ao redor*: a cidade, as paisaxes dun emerxente nordeste brasileiro e do país como un todo, as ruínas dun pasado non distante –sobre todo nas escenas que pasan no interior do estado– como se eses elementos mínimos fosen os instrumentos directos para a lectura do contexto máis amplo. Porén, evidentemente, súas preocupacións non son só temáticas. O filme descarta o tratamento cinematográfico convencional a favor dun tempo específico, dun ritmo narrativo particular e dunha atmosfera máis propia ao cinema contemporáneo (que algúns dirían 'de festival'), mais, ao mesmo tempo, mantendo algúns trazos de estratexias do cinema de xénero (neste caso, de varios xéneros: a vinganza, o amor, o crime ou a comedia, por exemplo, están todos presentes, malia que en doses moi pequenas).

---

**[Declaracións de Kleber Mendonça Filho en Pécora, Luísa, "Kleber Mendonça Filho: 'Cinema do Brasil está achatado por megalançamentos'", Último Segundo, 3 de Xaneiro de 2013]**

Penso que o Brasil mudou moito, mais ao mesmo tempo ficou a mesma cousa. Ese é un dos temas que quixen abordar. Teño 44 anos e vivín nun Brasil pobre. Hoxe temos acceso a cousas que hai 20 ou 30 anos eran inatinxíbeis, ou atinxíbeis só para a clase alta. Mais penso que as relacións de clase continúan arcaicas, principalmente en Pernambuco, que ten o ADN da escravitude. Unha escena moi discutida durante a rodaxe foi a que mostra a Bia (interpretada por Maeve Jinkings) montándolle un escándalo á súa empregada doméstica. Eu díxenlle a Maeve: "precisas buscar aquela señora de enxeño que está dentro túa". E aí unha persoa guai, de esquerdas, bota a lingua a pacer e ves que vén dunha cultura patriarcal. Penso que esa unión de moderno e arcaico é Pernambuco. A Bia é moderna, guai, mais sabemos de onde vén por como trata á súa empregada. Comprendemos o motivo do escándalo, mais non deixa de ser violento. E foi moi curioso que, durante unha sesión no Recife, unha espectadora díxolle a Maeve que lle estaba a gustar o seu personaxe até que ela é malvada co can. Case como quen fala que tratar á súa empregada daquel xeito é normal, mais ao can...

[...]

Tódolos filmes que fixen até agora son extremadamente persoais, sobre cousas que penso e que entendo. Se cadra podería facer un filme sobre a carreira espacial, mais antes tería que facer investigación durante un ano e ler moito sobre iso. Facer un filme sobre a carreira espacial é aínda así ben distinto de facer un filme sobre unha favela, que é unha comunidade extremadamente complexa, un ambiente social que non coñezo e que é moi rico. Para retratar ese ambiente é preciso ter un vencello real con el. Por iso, eu risco do meu caderniño a posibilidade de facer un filme así.

*O son ao redor* inclúe unha favela, mais vista dende o cumo dun edificio, case cun binóculo. Dou un zoom naquela favela, mais non entro nela e non retrato aos seus moradores. Penso que moitas veces o cinema brasileiro derrapa, capota e provoca un incendio cando retrata un ambiente que os realizadores non coñecen. Aí acontecen dúas cousas: unha é un prexuízo puro e simple e a outra é o prexuízo benintencionado. Como ese filme que di: "eses negros son tan guais, son coma nós!". E aí poden ser negros, indios, favelas, sertanexos... Xa tivemos bos filmes sobre iso, mais a maior parte derrapa.

# CINECLUBE DE COMPOSTELA



## ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.wordpress.com](http://cineclubedecompostela.wordpress.com) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

## PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

## 3 DE OUTUBRO

**No Museo das Peregrinacións: Sesión especial: Carta blanca a Ezequiel Méndez**

*Coñeza vostede España: Compostela* (Conozca usted España: Compostela, Claudio Guerín Hill, Estado Español, 1967, 30', VO) **Camino de Santiago** (Camino de Santiago, José Luis Font, Estado Español, 1970, 32', VO) En colaboración con Curtocircuito- Presentada por Ezequiel Méndez

## 10 DE OUTUBRO

**Mutantes** (Álvaro Larriba, Galiza, 2017, 107', VO) Coa presenza do director

## 17 DE OUTUBRO

**Eles non usan smoking** (Eles Não Usam Black-tie, Leon Hirszman, Brasil, 1981, 120', VOSG)

## 24 DE OUTUBRO

**O Son ao Redor** (O Som ao Redor, Kleber Mendonça Filho, Brasil, 2012, 131', VOSG)

## 31 DE OUTUBRO

**The Only Living Boy in New York** (The Only Living Boy in New York, Hal Hartley / Everything but the Girl, EUA, 1991, 4', VO) **From a Motel 6** (From a Motel 6, Hal Hartley / Yo La Tengo, EUA, 1994, 4', VO) **Sobrevivir ao desexo** (Surviving Desire, Hal Hartley, EUA, 1991, 53', VOSG)